

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Música e Canto.
<b>DISCIPLINA</b>	Canto I.
<b>TITULACIÓN</b>	Titulo Superior en Arte Dramática.
<b>ESPECIALIDADE</b>	Interpretación.
<b>ITINERARIO</b>	Textual e Xestual.
<b>CURSO</b>	2º- 1º Cuadrimestre.
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	3 ETCS (3 horas presenciais + 3 horas non presenciais, por semana)
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatoria. Práctica.
<b>DEPARTAMENTO</b>	Interpretación – Área de Música e Canto.
<b>CENTRO</b>	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.
<b>COORDINADOR/A</b>	Mónica Groba Lorenzo.
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Mónica Groba Lorenzo <b>Horario titorías:</b> <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a> <b>Despacho:</b> Departamento 2 – Corporal, Danza e Música / Aula P17. <b>Contacto:</b> <a href="mailto:mgroba@edu.xunta.es">mgroba@edu.xunta.es</a>
<b>DESCRICIÓN</b>	<i>Estudo da técnica do canto e desenvolvemento práctico dos elementos que interveñen: colocación do corpo, respiración, resonancia, fonación, articulación, proxección e afinación.</i>
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Non son precisos.
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input checked="" type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN	
<b>T1</b>	<i>Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.</i>
<b>T3</b>	<i>Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.</i>
<b>T4</b>	<i>Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.</i>
<b>T6</b>	<i>Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.</i>
<b>T7</b>	<i>Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.</i>
<b>T9</b>	<i>Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.</i>
<b>T11</b>	<i>Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.</i>
<b>T13</b>	<i>Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.</i>
<b>T15</b>	<i>Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.</i>
<b>T17</b>	<i>Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.</i>
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X1</b>	<i>Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.</i>

<b>X2</b>	<i>Comprender psicolóxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.</i>
<b>X3</b>	<i>Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.</i>
<b>X5</b>	<i>Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.</i>
<b>X6</b>	<i>Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.</i>
<b>X7</b>	<i>Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.</i>
<b>X8</b>	<i>Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.</i>
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE</b>	
<b>E11</b>	<i>Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.</i>
<b>E12</b>	<i>Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.</i>
<b>E13</b>	<i>Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.</i>
<b>E15</b>	<i>Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.</i>

<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>	<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
1. Adquirir unha boa conciencia respiratoria, corporal e vocal.	T1, T4, T6, T13, T15, X1, X2, X3, X5, X6, E11, E12, E13, E15.
2. Apreciar as posibilidades tímbricas da voz cantada e a súa achega ao enriquecemento da voz falada.	T1, T4, T6, T13, T15, X1, X2, X3, X5, X6, E11, E12, E13, E15.
3. Desenvolver a memoria na interpretación musical.	T1, T6, T13, T15, X1, X5, X6, E11, E12, E13, E15.
4. Empregar a técnica vocal correcta para o uso da voz cantada.	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X5, X6, E11, E12, E13, E15.
5. Dominar a dicción e afinación no texto cantado.	T1, T3, T6, T9, T13, T15, T17, X1, X2, X3, X5, X6, X8, E11, E12, E13, E15.
6. Valorar a propia voz como instrumento de expresión músico-teatral	T3, T6, T9, T13, T15, T17, X1, X2, X3, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15.
7. Compartir vivencias musicais cos compañeiros, que lle permitan enriquecer a súa relación afectiva coa música a través do canto.	T3, T7, T9, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X7, X8, E11, E12, E13, E15.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. CONSCIENCIA CORPORAL, RESPIRATORIA E VOCAL I.	1.1. Toma de consciencia da función do corpo na fonación. Situación dos eixes básicos. Relaxación e activación corporal. 1.2. Toma de consciencia respiratoria. Anatomía e fisioloxía básicas. Control da inspiración e expiración. 1.3. Toma de consciencia da musculatura da fonación. Anatomía e fisioloxía básicas.	15 horas
2. PRÁCTICA VOCAL E INTERPRETACIÓN MUSICAL I	2.1. Liberación e impostación da voz cantada. 2.2. Interpretación de cancións individual e conxuntamente. 2.3. Precisión rítmica e afinación. 2.4. Expresividade e dicción.	30 horas
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>45 horas</b>

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	1	-	1
Exposición maxistral	2	-	2
Exposición teórico-práctica	3	1	4
Práctica individual	10	30	40
Práctica colectiva	10	-	10
Obradoiro	-	-	-
Seminarios	-	-	-
Actividades complementarias	-	-	-
Outros: Resolución de problemas ou exercicios	2	2	4
Traballos de aula	1	-	1
Titorías individuais	12	-	12
Titorías de grupo	1	-	1
Actividades de avaliación. Probas	2	4	6
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	1	8	9
Actividades de avaliación. Revisión	1	-	1
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>45</b>	<b>90</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>50%</b>	<b>50%</b>	<b>100%</b>

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias.	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como presentar a materia.
Exposición maxistral.	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia, bases teóricas e/ou directrices dos exercicios prácticos a desenvolver polo estudante.
Exposición teórico-práctica.	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades vocais para su posterior aplicación musical.
Práctica individual	Realización de exercicios respiratorios e vocais e interpretación de cancións individualmente.
Práctica colectiva	Realización de exercicios respiratorios e vocais e interpretación de cancións en grupo.

Resolución de problemas ou exercicios.	Realización de exercicios encamiñados a perfeccionar a técnica adquirida.
Traballos de aula.	<p>Interpretación individual (Vaccai e Arie Antiche) e conxunta do repertorio traballado no cuadrimestre.</p> <p><b>TRABALLO TEÓRICO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Redactar un quecemento vocal enfocado ao canto, onde aparezan tanto <u>exercicios de corpo</u> como de <u>respiración</u> e de <u>voz</u> (vocalizacións), baseados no traballo técnico vocal cantado.</li> <li>• Elixir os exercicios que a cada quen lles funcionaran mellor.</li> <li>• No haberá nº de páxinas, pero hai que minutar cada exercicio e explicar como se fan e para que serve cada un.</li> <li>• Tempo total do quecemento debera estar entre 20 e 30 minutos.</li> </ul> <p>[Se poden engadir no só os exercicios realizados no aula, senón tamén os que se fan noutras materias como Dicción e expresión oral/Técnica vocal ou Movemento expresivo/Expresión corporal. Integrar todos os exercicios nunha rutina básica, que sexa a mais axeitada para cada un]</p>
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. <b>Traballo persoal dirixido do repertorio vocal asignado.</b>
Titorías en grupo.	Ensino no que os estudantes levan a cabo a realización dun proxecto nun tempo determinado para resolver un problema ou abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades.

## 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

## 8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

***O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.***

### 8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p><u>Exercicio teórico:</u></p> <p>Os alumnos deberán entregar un traballo individual escrito sobre un quecemento vocal segundo os contidos da materia, aplicados a eles mesmos, e as súas particularidades.</p>	T1, T4, T6, T13, T15, X1, X5, X6, EI5.	20% (o 50% da valoración deste exercicio está engadida ao proceso de avaliación continua)

<u>Exercicio práctico nº 1:</u> Interpretación individual dalgunhas cancións do repertorio traballado diante dos compañeiros da mesma especialidade, itinerario e curso. (Vaccai e Arie Antiche)  (Ou no seu defecto da linea vocal que o alumno cante nas cancións grupais)	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X2, X3, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5.	50%  (o 50% da valoración deste exercicio está engadido ao proceso de avaliación continua, no obstante é necesaria a súa realización para aprobalo)
<u>Exercicio práctico nº 2:</u> Interpretación conxunta cos compañeiros da mesma especialidade, itinerario e curso dalgunhas cancións do repertorio traballado.	T3, T7, T9, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5.	30%  (a valoración deste exercicio está incluída no proceso de avaliación continua)
<b>Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a exposición clara e correcta, no exercicio teórico, dos coñecementos adquiridos, a realización correcta dos exercicios prácticos de respiración e vocalización aplicando as habilidades adquiridas, e a interpretación das cancións con precisión rítmica, afinación axustada, dicción correcta do texto e expresividade adecuada.</b>		

## 8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio teórico:</u> Os alumnos deberán entregar un traballo individual escrito sobre un quecemento vocal segundo os contidos da materia, aplicados a eles mesmos, e as súas particularidades.	T1, T4, T6, T13, T15, X1, X5, X6, EI5.	10%
<u>Exercicio práctico nº 1:</u> Realización individual de diversos exercicios de respiración e vocalización que aparecen no seu traballo teórico.	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X2, X3, X5, X6, EI1, EI2, EI5.	10%
<u>Exercicio práctico nº 2:</u> Interpretación individual dalgunhas cancións do repertorio traballado diante de compañeiros da mesma especialidade, itinerario e curso. (Vaccai e Arie Antiche) (Os compañeiros serán aportados polo alumno que se examina.)	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X2, X3, X5, X6, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5.	50%
<u>Exercicio práctico nº 3:</u> Interpretación conxunta con compañeiros da mesma especialidade, itinerario e curso dalgunhas cancións do repertorio traballado. (Os compañeiros serán aportados polo alumno que se examina.)	T3, T7, T9, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X7, X8, EI1, EI2, EI3, EI5.	30%
<b>Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a exposición clara e correcta, no exercicio teórico, dos coñecementos adquiridos, a realización correcta dos exercicios prácticos de respiración e vocalización aplicando as habilidades adquiridas, e a interpretación das cancións con precisión rítmica, afinación axustada, dicción correcta do texto e expresividade adecuada.</b>		

## 8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<u>Exercicio teórico:</u> Os alumnos deberán entregar un traballo individual escrito sobre un quecemento vocal segundo os contidos da materia, aplicados a eles mesmos, e ás súas particularidades.	T1, T4, T6, T13, T15, X1, X5, X6, EI5.	10%

<b>Exercicio práctico nº 1:</b> Realización individual de diversos exercicios de respiración e vocalización que aparecen no seu traballo teórico.	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X2, X3, X5, X6, E11, E12, E15.	10%
<b>Exercicio práctico nº2:</b> Interpretación individual dalgunhas cancións do repertorio traballado diante de compañeiros da mesma especialidade, itinerario e curso. (Vaccai e Arie Antiche) (Os compañeiros serán aportados polo alumno que se examina.)	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X2, X3, X5, X6, X7, X8, E11, E12, E13, E15.	50%
<b>Exercicio práctico nº3:</b> Interpretación conxunta con compañeiros da mesma especialidade, itinerario e curso dalgunhas cancións do repertorio traballado. (Os compañeiros serán aportados polo alumno que se examina.)	T3, T7, T9, T11, T13, T17, X1, X2, X3, X7, X8, E11, E12, E13, E15.	30%
<b>Todas as partes deberán ser superadas e para calificar vaise valorar a exposición clara e correcta, no exercicio teórico, dos coñecementos adquiridos, a realización correcta dos exercicios prácticos de respiración e vocalización aplicando as habilidades adquiridas, e a interpretación das cancións con precisión rítmica, afinación axustada, dicción correcta do texto e expresividade adecuada.</b>		

## 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

### REFERENCIAS BÁSICAS:

- CALAIS-GERMAIN, B. (2006): *La respiración*. Ed. La liebre de marzo, Barcelona.
- FERRER SERRA, J. S. (2008): *Teoría, anatomía y práctica del canto*. Ed. Herder, Barcelona. (con CD)
- HEWITT, G. (1990): *Cómo cantar*. Ed. EDAF, Madrid.
- LODES, H. (2002): *Aprende a respirar*. Libros Integral, RBA. Barcelona.
- MORRISON, M. & RAMMAGE, L. (1996): *Tratamiento de los trastornos de la voz*. Ed. Masson, Barcelona.

### REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS:

- ALLALI, A. & Le HUCHE, F. (2003): *La Voz. (Tomo 1: Anatomía y fisiología de los órganos de la voz y del habla)*. Ed. Masson, Barcelona.
- BACOT, M. C.; FACAL, M. L. & VILLAZUELA, G. (2005): *El uso adecuado de la voz*. Akadia, Buenos Aires.
- BUSTOS SÁNCHEZ, I. (2003): *La Voz. La técnica y la expresión*. Ed Paidotribo Badalona
- BUSTOS SÁNCHEZ, I. (2007): *Tratamiento de los problemas de la voz*. Cepe S. L. Madrid.
- CABALLE, M.; GUITART, E. & PERELLÓ, J. (1982): *Canto-Dicción*. Editorial Científico-Técnica, Barcelona.
- CASADO MORENTE, J. C. & PEREZ IZQUIERDO, A. (2009): *Trastornos de la voz: del diagnóstico al tratamiento*. Aljibe, Málaga.
- CHUN-TAO CHENG, S. (2006): *El Tao de la Voz*. Ed. Gaia, Madrid.
- CORNUT, G. (1998): *La voz*. Ed. Fonde de Cultura Económica, Madrid.
- ESCODERO, Mª P. (2002): *Educación de la voz 1º. (Ortografía-Dicción-Canto-Ritmo)*. Real Musical, Madrid.
- ESCODERO, Mª P. (2003): *Educación de la voz 2º. (Canto-Ortografía-Dicción-Trastornos vocales)*. Real Musical, Madrid.
- ESCODERO, Mª P. (1988): *Educación de la voz 3º. (Canto-Ortografía-Dicción)*. Real Musical, Madrid.
- GARCÍA, L. (2003): *Tu voz, tu sonido*. Ed. Díaz Santos, Madrid.
- GIMENO PÉREZ, F. & TORRES GALLARDO, B. (2008): *Anatomía de la Voz*. Paidotribo, Badalona

JACKSON-MENALDI, M<sup>a</sup> C. (1992): *La voz normal*. Ed. Médica Panamericana, Madrid

JARABA, M. A. (1989): *Teoría y Práctica del Canto Coral*. Ed. Istmo, Madrid.

MANSION, M. (2002): *El estudio del canto. Técnica de la voz hablada y cantada*. Ed. Ricordi Americana, SAEC. Buenos Aires.

McCALLION, M. (2006): *El libro de la voz*. Ed. Urano, Barcelona

TULÓN ARFELIS, C. (2005): *Cantar y Hablar*. Ed. Paidotribo. Barcelona

PEARCE, S. (2007): *La Alquimia de la Voz*. Ed. Gaia, Madrid.

QUIÑOÑES, C. (2006): *Programa para la prevención y el cuidado de la voz*. Ed. Praxis, Madrid.

REGIDOR ARRIBAS, R. (1991): *La voz en la Zarzuela. La clasificación de la Voz*. Ed. Real Musical, Madrid.

REVERTER, A. (2008): *El Arte del Canto. El misterio de la voz desvelado*. Alianza, Madrid. (con CD)

TULÓN ARFELIS, C. (2000): *La voz*. Ed. Paidotribo. Barcelona.

TULÓN ARFELIS, C. (2005): *Cantar y Hablar*. Ed. Paidotribo. Barcelona

WILFART, S. (1999): *Encuentra tu propia voz*. Ed. Urano, Barcelona.

## 10. OBSERVACIÓNS/RECOMENDACIÓNS

Recoméndase asistir con roupa e calzado cómodo.

Os traballos por escrito deberán presentarse segundo os criterios establecidos polo centro en relación ao modelo, desenvolvemento e adecuación estilística e ortográfica (IP701.16 no apartado 7 do Manual de Calidade). Os traballos que non reúnan tales requisitos serán devoltos para revisión.

### MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente.

No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Exercicio teórico: Quecemento Individual. Competencias: T1, T4, T6, T13, T15, X1, X5, X6, EI5. Ponderación: 30%

ACTIVIDADE 2: Canción Individual: Vaccai e Arie Antiche. Competencias: T6, T13, X2, EI3. Ponderación: 70%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

**AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**